

FEIRA DO LIBRO GALEGO E DISERTACION DA POETISA LUZ POZO GARZA

«O FACHO» RINDIO HOMENAJE A NORIEGA
VARELA



Luz Pozo Garza, poetisa, profesora de Literatura del Instituto Masculino, durante su conferencia de ayer en Artesanos.
(Foto Blanco)

Tal como se había anunciado, onte tiveron lugar na nosa cidade varios actos conmemorativos do «Día das Letras Galegas», adicado este ano ó gran poeta amante da montaña Antonio Noriega Varelo, ó se cumprir os cen anos de seu nacemento.

Pola mañán, na rúa do Cantón Grande, tuvo lugar a Feira do Libro Galego, onde unha notable concurrencia de público interesado pola nosa literatura vernácula foi atendida nos «stands» por membros da Agrupación Cultural «O Facho» e a Librería «Arenas».

A tarde, ás 8,15, nos salóns do Circo de Artesanos, celebróuse o acto literario no que a figura do poeta Noriega Varela foi xustamente esaltada pola notable poetisa Luz Pozo Garza.

Cos salóns cheos de público, inicióuse o acto cunhas palabras do profesor Vidán Torreira sobre o significado do día e cunha

acertada presentación da conferencia que honraba a entrañable tribuno do Circo de Artesanos. Sobor do tema «Unha lembranza do poeta Noriega Varela», Luz Pozo Garza, poeta o mesmo que Noriega, fónos debullando primeiramente a vida nas diferentes etapas do poeta da montaña, deténdose nos seus derradeiros anos en Viveiro onde coñeceu de perto a humanidade, simpatía e humor do gran poeta. En segundo termo situou con xusteza e sensibilidade femininas a obra poética do autor de «Do Ermo» e «A Montaña», facendo un análisis moi agudo dos diminutivos afeitivos e do léxico empregado polo poeta.

O remate de tan brillante disertación o publico que enchía a súa, onde se atopaban académicos e outros membros de entidades culturais da cidade, a xentil conferencia foi premiada cunha salva de aplausos e felicitacións.